

PLAN DE IGUALDADE DO IES DE BECERREÁ



EDUCANDO EN IGUALDADE
SEREMOS IGUAIS.

PLAN DE IGUALDADE DO IES DE BECERREÁ

Este plan foi presentado ao Claustro , ao Consello Escolar e aprobado o día 4 de marzo de 2020.

ÍNDICE

1.- Introducción	2
2.- Contextualización normativa e do centro	3
3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia	6
3.1.- Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.	
3.2.- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.	
3.3.- Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.	
3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.	
3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.	
3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).	
3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias.	
4.- Obxectivos do Plan de igualdade	9
4.1 - Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	
4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	
4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	
4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.	

5.- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos ----- 12

5.1.- Organización do centro.

5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6.- Seguimento e avaliación ----- 14

1.- INTRODUCCIÓN.

Este plan de igualdade que se presenta é o documento do centro que recompila o conxunto de actuacións que se poden levar a cabo co obxectivo de garantir a coeducación na vida cotiá do noso centro, superando o modelo mixto de ensino, que reúne no mesmo espazo e tempo a rapazas e rapaces cun currículo común, pero que transmite un enfoque androcéntrico da realidade. E por **coeducación** enténdense todas as propostas e actuacións formativas e educativas que se desenvolven de xeito igualitario, sen importar o xénero das persoas ás que se orienta a tarefa pedagóxica e na que as aprendizaxes a desenvolver non están condicionadas por razón de xénero. Debe transmitir idea de que hai distintas miradas e visións do mundo, distintas experiencias e contribucións feitas por mulleres e homes sen as que non se pode interpretar nin coñecer o mundo nin a realidade. Polo tanto, o respecto ao principio de igualdade é máximo, e debe estar presente tanto nos contidos educativos, como na práctica pedagóxica do profesorado e nas interaccións cotiás entre os distintos membros da nosa comunidade educativa. O recoñecemento de diferenzas debe impedir, precisamente, que estas sexan a orixe de relacións desiguais e de dominacións ou superioridade de calquera tipo.

Así mesmo, debemos entender que no microcosmos social que representa un centro prodúcese unha intensa socialización que pode transmitir valores e modelos culturais que reproducen prexuízos e roles de xénero, ou ben outros que serían capaces de desmontar manifestacións sexistas que se puideran apreciar na contorna do noso instituto.

Polo tanto, deberíamos ser capaces de asegurar a eficacia da nosa actuación educativa formal e informal tomando como modelo de referencia a coeducación. Para tal fin, este documento deber ser a **guía** que incorpore un diagnóstico da situación do noso centro a este respecto, os principios orientadores o os obxectivos, as actuacións máis específicas e as ferramentas de avaliación do propio plan, para facer del un documento vivo e aberto ás modificacións precisas. Así traballaremos de xeito

coherente coa nosa realidade e de maneira coordinada nas actuacións a desenvolver, o que será garantía de progreso.

Nos seguintes apartados deste plan recolleranse aspectos relacionados coa igualdade de xénero xa en vigor no centro: así, ademais dos contidos e actuacións recollidos no Plan de Acción Titorial, os principios marcados no noso Proxecto Educativo e os fins educativos establecidos nel, as actividades complementarias desenvoltas anualmente en torno á coeducación e sensibilización sobre a igualdade de xénero (charlas, obradoiros, ...) que se recollen na nosa Programación Xeral, as celebracións das efemérides do calendario escolar estreitamente relacionadas con esta cuestión (25 de novembro, 8 de marzo), o funcionamento no centro dun equipo de mediadores e mediadoras en conflitos e a formación en convivencia que isto comporta, etc., agora engadiremos outras actuacións ou aspectos, como o nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no seo do Consello Escolar do centro, que farán desta guía un documento útil e práctico para a nosa comunidade educativa.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Con anterioridade á elaboración deste plan, en varios documentos normativos do IES de Becerreá viñéronse recollendo principios e obxectivos relacionados coa coeducación, coa intención de garantir a igualdade de oportunidades para o noso alumnado.

- **Plan de convivencia:** nel recóllense, en distintos apartados, obxectivos relacionados coa igualdade de xénero e da prevención de conflitos orixinados por esta cuestión concreta (capítulo 3). Para a elaboración deste plan, realizouse unha enquisa previa para coñecer a valoración da convivencia por parte do noso alumnado, facendo tamén referencia, na análise dos resultados da mesma, da diferenciación de percepcións e comportamentos cotiás segundo o xénero.

- **Plan de acción tutorial:** concrépanse actuacións para previr situacións de maltrato e violencia de xénero, tanto desde as titorías como a través de charlas específicas, como pode ser a participación, desde hai xa tempo, no “Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos”.

- **Normas de organización e funcionamento:** nos obxectivos destas figura a coeducación de xeito explícito. Ademais, dentro do capítulo de dereitos e deberes básicos da convivencia escolar, así como dentro das normas de convivencia, faise referencia a unha formación coeducativa e á protección contras as discriminacións por razón de xénero. Dentro dos principios xerais de aplicación das medidas correctoras, faise referencia ao diálogo e a conciliación como as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

- **Proxecto educativo do centro:** nos fins educativos que se recollen nel, un deles alude directamente á “formación na igualdade de oportunidades para ambos os dous sexos”. No capítulo referido á adecuación dos obxectivos educativos ao contexto do centro, reflíctense os seguintes relacionados con este tema para a etapa secundaria: “valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou

por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller”, e “fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos”. Para o bacharelato, recóllese: “fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera circunstancia persoal ou social”.

Destacamos que todos estes documentos (e outros que non se mencionan aquí) están xa redactados utilizando unha linguaxe inclusiva desde fai varios cursos.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

O obxecto desta fase é coñecer desde un enfoque cuantitativo e cualitativo o diagnóstico da situación actual da igualdade no centro, é dicir, cales son os escenarios nos que hai e non hai igualdade efectiva entre homes e mulleres.

3.1.- Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.

- **Claustro de profesoras e profesores:** loxicamente a distribución dos seus compoñentes por xénero depende de factores alleos ás actuacións que se desenvolven desde o centro. Non obstante, debemos considerar esta distribución para poder analizar a correlación con outros órganos de goberno.

No curso 2019-20, dos 25 membros do Claustro (dous profesores con media xornada), 14 son homes (56%) e 11, mulleres (44 %), o que supón unhas cifras realmente equilibradas.

PLAN DE IGUALDADE DO IES DE BECERREÁ

- **Consello Escolar:** 6 membros actuais (ata novembro de 2020, cando se desenvolva a seguinte renovación parcial), 3 membros son homes e outras 3 mulleres. Esta distribución equilibrada adoita ser a máis habitual neste órgano colexiado.

- **Equipo directivo:** na primeira etapa da actual dirección, había equilibrio de xénero entre os/as seus compoñentes (dous homes e dúas mulleres). Na actualidade, e debido ao cambio de destino dunha das profesoras, queda unha muller no equipo directivo (vicedirectora). Noutras etapas anteriores a este, nunca houbo paridade entre os compoñentes, aínda que nalgúns casos si había mulleres con responsabilidades directivas.

- **Xefaturas de departamentos:** no que respecta á distribución destes órganos de coordinación docente, o reparto é tamén equilibrado: 9 homes e 8 mulleres.

- **Xunta de delegados/as:** constituída por todos os delegados e delegadas do centro e na que tamén participa o/a representante do alumnado no Consello Escolar, presenta unha formación equilibrada entre rapaces e rapazas. Esta igualdade tamén se observa cando se presentan as candidaturas para o desempeño desta función.

3.2.- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.

Estes son os datos do reparto do alumnado por xénero, curso e, no caso do Bac, por modalidade:

GRUPO	ALUMNOS	ALUMNAS
1º ESO	10	16
2º ESO	9	9
3º ESO	15	12
4º ESO	6	5
1º BAC	7 ciencias 7 ciencias sociais 1 humanidades	3 ciencias 4 ciencias sociais
2º BAC	6 ciencias 2 ciencias sociais	3 ciencias 3 ciencias sociais 2 humanidades

Como se pode observar nos datos do centro e corresponde coa tendencia histórica, hai un claro desequilibrio no que respecta á elección das modalidades no Bacharelato, xa que os alumnos decántase máis pola modalidade de ciencias, mentres que a modalidade de humanidades ten maior número de alumnas na matrícula, cando non exclusivamente. Neste sentido, o caso desta modalidade en 1º de Bac no presente curso é unha excepción. E dentro da modalidade de ciencias no presente curso en 2º de Bac, non hai matrícula feminina nas materias vinculadas aos graos universitarios ou ciclos superiores de carácter técnico (Física, Debuxo Técnico, ...), o que adoita ser o habitual. Estas mesmas materias do 1º curso da etapa teñen unha matrícula feminina escasa, cando a hai, como se pode observar na táboa anterior (3 alumnas en F. e Q., ningunha en Debuxo Técnico), sendo a tendencia habitual que as nosas alumnas se decanten polas materias de ciencias vinculadas ás ciencias da saúde.

3.3.- Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.

A tendencia histórica no noso centro indica que son os alumnos os que adoitan ter un maior índice de fracaso académico, tanto no caso do alumnado que non promociona de curso ou promociona por imperativo legal, como do que non titula ao remate das dúas etapas educativas. Polo xeral, adoitan ser as rapazas as que colleitan resultados académicos máis elevados nos distintos grupos.

3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.

No caso do alumnado que recibe algunha medida de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da ESO (agrupamentos, reforzos, ...), tamén é o alumnado masculino o que acada un maior número e porcentaxe de casos sobre o total de matriculados.

3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.

Os casos de abandono escolar unha vez superada a idade de escolarización na etapa secundaria, adoitan tamén estar protagonizados por rapaces, aínda que estes casos son estraños no noso centro, xa que aquel alumnado que colleita un maior

fracaso escolar e quedan sen opcións de titulación, decántase por continuar estudos de FP Básica, caso no que tamén os rapaces representan maioría.

No que respecta ao absentismo escolar, este é un problema que non se produce no noso centro.

3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).

Estatisticamente, o maior número de persoas sancionadas dalgún xeito por amosar condutas contrarias á convivencia escolar son alumnos. No que respecta aos casos de mediación en conflitos escolares, hai un reparto máis igualitario de alumnos e alumnas participantes nos mesmos, considerando que non sempre estes casos de mediación se producen derivados de condutas contrarias á convivencia.

Hai que sinalar que as condutas sancionadas contrarias á convivencia non teñen relación, ata o momento, con comportamentos sexistas en calquera das súas posibles manifestacións.

3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias.

Polo xeral durante os tempos de lecer, son os rapaces dos primeiros cursos da etapa secundaria os que adoitan usar a pista polideportiva exterior, fundamentalmente porque xogan ao fútbol. Non se observa unha clara diferenciación por xénero no uso doutros espazos moi utilizados polo noso alumnado nos leceres, como por exemplo a biblioteca.

Cando se trata de actividades planificadas polos distintos departamentos ou transversais que se desenvolven en distintos momentos da xornada, loxicamente non hai diferenciación por xénero na participación das mesmas.

No que respecta á participación noutras actividades de carácter complementario e transversal, como por exemplo os Clubs de Lectura, nos que participan voluntariamente 60 alumnos/as da ESO e Bac do total de 110 matriculados, obsérvase equilibrio na distribución por xénero nos últimos anos. Non obstante,

apréciase unha maior inclinación cara á lectura no alumnado feminino, sendo as alumnas as que acadan un maior número de lecturas realizadas ao longo do curso.

No caso doutras actividades complementarias de carácter voluntario e continuado, como a participación no grupo de música tradicional galega “Obertura Galega”, a integración no EDL, ..., adoitan ser as alumnas as que amosan unha maior participación nas mesmas.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN DE IGUALDADE.

O plan de igualdade debe recoller os obxectivos operativos que se perseguen coa implantación do mesmo, é dicir, as metas para alcanzar coas actuacións que se van a poñer en marcha en materia de igualdade de xénero. Isto significa que os obxectivos deben ser claros, observables e deben ser susceptibles de obter uns resultados tanxibles.

Os que se recollen aquí desenvólvense ao redor dos seguintes catro temas, pero é importante sinalar que un mesmo obxectivo pode ser válido para máis de un deles, aínda que só apareza enmarcado nun tema concreto:

4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Manter o desenvolvemento de actividades académicas, complementarias e extraescolares nas que xa se promove a participación igualitaria con independencia do xénero, salientando que as diferenzas non son obstáculo para a participación e que os logros acadados (de ser o caso) son independentes do xénero.

- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten contidos, linguaxe e/ou imaxes sexistas ou reprodutoras de estereotipos, buscando e propoñendo alternativas cando se detecten casos deste tipo para presentar unha realidade na que se fagan visibles, tamén, as aportacións das mulleres.

(Aconséllase realizar a revisión do material didáctico co alumnado. Deste xeito, traballarase eficazmente o espírito crítico a través da análise dese material concreto, ademais de ser unha maneira eficaz de facer notar as desigualdades de xénero).

- Continuar coa referencia do criterio de paridade-proporcionalidade de xénero na constitucións de órganos de toma de decisións, xunta de delegados, equipo de mediación, ..., fomentando a participación feminina nos mesmos se fora o caso.

- Manter no plan de acción tutorial as actuacións encamiñadas á prevención da violencia de xénero ou de tipo sexista, á orientación académica libre de sesgos sexistas e ao desenvolvemento dunhas relacións afectivas positivas.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Facer uso da mediación para resolver pacificamente os conflitos con orixe nas diferenzas de xénero ou na identidade sexual e na súa diversidade, aproveitando a existencia no centro do equipo de mediadores e mediadoras en conflitos escolares.

- Continuar co desenvolvemento das charlas específicas sobre violencia de xénero e acoso escolar que se realizan dentro do “Plan de convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos”, como ferramentas sensibilizadoras para o alumnado.

- Como se especificou no apartado anterior, fomentar, desde a acción tutorial, as actuacións encamiñadas á prevención da violencia de xénero e as discriminacións sexistas que se poñen na nosa contorna.

- Manter e potenciar o desenvolvemento das accións e actividades que fomenten as relacións interpersoais de toda a comunidade (celebracións de festividade, efemérides, actividades complementarias transversais, ...), a partir da igualdade de oportunidades e negando as manifestacións ou sesgos sexistas nas mesmas.

- Considerar as medidas correctoras ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia como unha parte do proceso formativo do alumnado, dándolles a maior orientación educativa posible, segundo se fai explícito no noso Plan de convivencia e respectando os principios xerais de aplicación das medidas correctoras que se contemplan nel.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Fomentar a acción titorial encamiñada á educación afectiva e da intelixencia emocional, promovendo as actitudes de respecto e convivencia diante de calquera manifestación da diversidade en xeral, e da de xénero en particular.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.

- Visibilizar, desde os contidos académicos ou actividades complementarias, a diversidade afectivo-sexual existente na nosa sociedade.

- Fomentar e manter un ambiente de convivencia no centro baseado no respecto e no diálogo, apostando pola mediación entre iguais no caso dos conflitos de convivencia.

- Facer do noso “Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso” unha ferramenta eficaz para a actuación diante de casos de LGBTifobia.

**5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE
ÁMBITOS:**

5.1. Organización do centro:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no seo do Consello Escolar, que preferiblemente será unha das persoas representantes do profesorado ou a dirección do centro, por seren os que teñen unha situación máis favorable para tal desempeño. Esta persoa terá como obxectivo o impulso deste plan.

- Representación de mulleres e homes nos órganos de decisión e/ou representación do centro dun xeito equitativo.

- Participación equilibrada do alumnado nas distintas actividades do centro sempre que se detecte desequilibrio manifesto na mesma, ou no reparto do alumnado por grupos na actividade, se é o caso (clubs de lectura, ...).

- Difusión deste plan entre os distintos estamentos da nosa comunidade educativa (xuntanzas coas familias, páxina web, accións de tutoría, ...), con especial atención ás familias.

- Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro (documentos do centro e comunicacións, carteis, actos e actividades complementarias, ...).

- Colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas e de temática relativa á igualdade de xénero e diversidade afectivo-sexual (Plan director para a convivencia e mellora da seguridade en centros, Servizos Sociais do Concello de Becerreá, ...).

- Desenvolvemento das actividades conmemorativas de efemérides como o 25 de novembro, 8 de marzo, ..., como xa é habitual no centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Adecuación das programacións didácticas, na medida do posible, e da práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade, ...

- Revisión, na medida do posible, do material didáctico empregado na aula (valores e normas transmitidas, representacións de xénero, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

- Realización de actividades de información e sensibilización coas familias, tanto nas xuntanzas de grupo como nas individuais e a través de documentos informativos.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Promoción das lecturas coeducativas a través das actividades organizadas desde a biblioteca escolar (hora de ler, clubs de lectura).

- Sensibilización de cara a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional, analizando os desequilibrios vocacionais e profesionais e as súas causas e promovendo a participación do sexo menos representado nas actividades (científico-tecnolóxicas, físico-deportivas, artísticas, ...).

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Desenvolvemento de actividades e tarefas da aula e/ou do centro (actividades de carácter transversal) mediante o traballo cooperativo, solidario e promovendo a corresponsabilidade entre os distintos estamentos da nosa comunidade educativa, negando calquera comportamento homofóbico, transfóbico ou actitude sexista.

- Análise crítica dos posibles comportamentos sexistas na vida cotiá do centro para a súa eliminación e asimilación de actitudes e comportamentos alternativos.

- Aproveitamento do recurso que supón o noso equipo de persoas mediadoras en conflitos para promover a resolución dos conflitos con perspectiva de xénero cando sexa o caso.

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Asegurar o éxito dos nosos esforzos no aproveitamento deste plan pasa por seguir as actuacións ou medidas que se desenvolvan, obtendo a información que nos permita tomar decisións que corrixan ou reforcen o noso traballo, segundo sexa o caso, e impulsen unha igualdade efectiva no noso centro. Definitivamente, máis ca unha simple avaliación cuantitativa, interesa aquela que nos permita explicar os procesos que levan a eses resultados

Por todo iso, a avaliación que se realicen debería ofrecer información sobre:

- O grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- A calidade e oportunidade das actuacións desenvoltas e dos recursos implementados.

- A coordinación no desenvolvemento das actuacións e a organización establecida para a súa realización.

Que parece pertinente avaliar?

- Ao alumnado: actitudes, participación activa, interese e motivación e grao de consecución dos obxectivos expostos.

- Ao profesorado: traballo realizado, implicación e grao de consecución dos obxectivos marcados.

- O propio Plan: adecuación do mesmo ao noso alumnado e ao noso contexto sociocultural, así como o grao de adecuación das actuacións propostas no mesmo para a consecución dos obxectivos.

Cando avaliaremos?

Farase valoración dos resultados sempre que haxa actuacións específicas e das recollidas no plan. Ao remate do curso poderemos facer unha reflexión global e, de ser o caso, reflectir o máis salientable nas memorias trimestrais ou final de convivencia.

Como avaliaremos?

Poden ser de utilidade para este fin os cuestionarios de avaliación que se poidan deseñar e desenvolver. Ademais, rexistrarse o máis salientable do desenvolvemento do plan, analizando o material elaborado cando sexa o caso e a participación nas actividades deseñadas dos distintos estamentos da comunidade educativa implicados.

Finalmente, e considerando o importante da comunicación dos resultados, debemos dar conta dos mesmos en todos os foros que nos permitan as xuntanzas dos distintos órganos de coordinación e decisión do centro. As xuntanzas coas familias serán momentos oportunos para poñer en común os resultados da avaliación e a nosa páxina web será unha ferramenta perfecta para dar publicidade a todo o relacionado coa aplicación deste plan.